



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Feira Galega das Industrias Culturais

DO 4 AO 7 DE DECEMBRO
PALEXCO, A CORUÑA

cultur.gal 2009 Feira Galega
das Industrias
Culturais

www.culturgal.com

O Cultur.gal é Feira Galega das Industrias Culturais, que congrega as empresas e institucións dos eidos editorial, audiovisual, das artes escénicas, musical, das novas tecnoloxías e dos servizos culturais para dar a coñecer e difundir os **produtos e servizos culturais galegos** máis actuais e innovadores.

Desenvolverase durante catro días, **do xoves 4 ao domingo 7 de decembro**, no Palacio de Exposicións e Congresos (**Palexco**, Peirao de Transatlánticos s/n) da Coruña. Está organizado pola Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e conta coa colaboración de diversas entidades dos diferentes sectores.

O Cultur.gal funciona como unha **plataforma de encontro entre a oferta cultural e os intereses do público xeral e especializado**, a través da exposición e venda directa de produtos e servizos, da organización de actividades variadas e do desenvolvemento de xornadas profesionais de achegamento entre creadores/as e programadores/as.

Presentacións de libros, discos ou proxectos editoriais e musicais, concertos, obradoiros infantís, representacións teatrais, contacontos... o Cultur.gal acolle unha **ampla programación para todo tipo de públicos**. Ao longo dos catro días de feira sucédese unha morea de actividades que achegan a cultura galega última en todos os seus formatos á cidadanía como unha alternativa para o tempo de lecer.

Logo da primeira edición celebrada en maio de 2007 en Pontevedra e organizada pola Asociación Galega de Editores (AGE), acada nesta convocatoria a súa **consolidación como unha cita anual** cun maior número de entidades participantes e unha maior representatividade de todos os sectores.

OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais que se pretenden acadar coa organización do Cultur.gal son darlle **visibilidade** á oferta cultural do país, nas súas diferentes versións, soportes ou sectores, e construír un **espazo de referencia** onde as industrias culturais galegas poidan presentar, amosar, promocionar e vender os seus produtos e servizos.

Deste xeito, quérese crear unha gran plataforma cultural que se convirta nunha cita anual imprescindible e obrigada para todos os sectores e ámbitos culturais do país. Para logralo, Cultur.gal establece unha serie de obxectivos específicos:

- Fixar neste espazo un **lugar de encontro anual dos diferentes sectores**, asociacións e colectivos profesionais da cultura, convocando nel encontros, xornadas formativas, actividades, etc.
- Artellar ao redor deste evento toda unha serie de **xornadas** dos diferentes sectores da produción e xestión cultural cada vez máis interrelacionados: do mundo do libro, das artes escénicas, da música, do audiovisual, da xestión e programación cultural, das novas tecnoloxías da cultura e do lecer, etc.
- Fomentar a **interrelación**, a **cooperación** e a **creación de rede** entre as empresas e ámbitos culturais e incentivar o fortalecemento das industrias culturais
- Servir como espazo de referencia eficiente para a **compravenda de produtos e servizos culturais**, tanto os de venda directa á cidadanía en xeral como os de venda a programadores/as, xestores/as culturais, etc.
- Promover unha maior **implicación do sector privado** na creación e difusión cultural.

PARA TODOS OS PÚBLICOS

A Feira Galega das Industrias Culturais dirixese tanto aos profesionais da cultura como ao público xeral.

Profesionais

- **Concelleiros/as, técnicos/as, programadores/as e xestores/as culturais das administracións municipais**, nomeadamente aqueles integrados nas áreas de educación, normalización lingüística, mocidade, dinamización da sociedade da información, etc.
- **Programadores/as ou xestores/as culturais de diversas entidades**, como fundacións, asociacións, etc.
- **Programadores/as de festivais** de música, teatro, danza, etc.
- **Bibliotecarios/as e profesorado** relacionado coas bibliotecas dos centros de ensino, cos realización de actividades, cos equipos de normalización e dinamización lingüística, etc.
- Todas as persoas pertencentes ao sector das industrias culturais.
- Programadores/as dos principais festivais e directivos/as ou xestores/as das principais entidades culturais de fóra de Galiza.

Público Xeral

A feira está aberta tamén a todas aquelas persoas interesadas, dun ou doutro xeito, en coñecer a oferta cultural do país en todos os ámbitos: a literatura, a música galega de todos os estilos, a banda deseñada, a danza, a rede, as novas tecnoloxías da cultura e do lecer, o audiovisual, o novo deseño galego, o teatro, os servizos socioculturais, etc.

O **acceso** a todas as zonas de exposición e venda de produtos e servizos e mais ás actividades programadas é **totalmente libre**.

O MÁIS DESTACADO

O Cultur.gal vén cargado de actividades para os seus catro días de duración: exposicións de produtos e servizos, presentacións, concertos, obradoiros infantís, encontros profesionais, proxeccións audiovisuais... Na súa organización participan **máis de 100 entidades**, que presentarán así a súa actividade. Isto fai do Cultur.gal o evento con maior participación do tecido empresarial da cultura galega.

Music.gal, un espectáculo multidisciplinar

Encabeza a programación o Music.gal, un espectáculo multidisciplinar de produción propia, que hibrida as propostas musicais máis innovadoras coas últimas manifestacións creativas do panorama galego. Terá lugar o sábado día 6 a partir das 21:30 horas. En Music.gal estará presente o hip-hop de **Dios ke te Crew**, o power-pop de **The Homens**, o pop electrónico de **Projecto Mourente**, a fusión, tango e habaneiras de **Marful**, a cumbia tropical de **O Sonoro Maxín**, a danza contemporánea do **Proxecto Zocas**, a poesía posta en escena de **Yolanda Castaño** e **Estíbaliz Espinosa**, a creación plástica de **Pancho Lapeña** (Pánchez) e **Federico Martínez**... O Music.gal estará presentado por **Belén Regueira** e conducido por **Chévere**.

Un disco: *A música que facemos*

O Cultur.gal disporá da súa propia banda sonora nun recompilatorio editado para a ocasión. Este disco, co título ***A música que facemos***, constitúe unha escolla representativa das últimas tendencias e estilos na música do país, a tradición e a vangarda, o pop, a electrónica, o folk, o rock, o funk, o rap, a fusión... Inclúe 16 temas de grupos e solistas: **Ecléctica Ensemble; Bonovo; Roi Casal; Pai da Cana; Vaamonde, Lamas & Romero; Lizgairo; Mutenrohi; Galegoz; Ataque Escampe; Carmen Rey; Marcos Teira; Projecto Mourente; Som do Galpom; Maryland; Sinfres; e Chotokoeu**. Este volume quere reflectir o momento de auxe que vive a música galega e a extraordinaria diversidade e calidade das súas propostas, así como contribuír á súa difusión.

Showcases en exclusiva para programadores

Destacan entre a programación dirixida a profesionais os showcases musicais, concertos breves realizados en exclusiva para programadores e xestores técnicos de entidades públicas e privadas, co obxectivo de aproximalos ás **novas propostas musicais en directo** ofertadas de cara á vindeira tempada. Desenvolveranse todas as tardes da feira, agás o domingo, a partir das 16:00 horas, coa intervención dunha vintena de grupos e solistas como **Marcos Teira, Capitán Furilo, Lizgairo, Bonovo, Telémaco, Vi-Gop Quartet, Aphonnic, Vaamonde, Lamas & Romero...**

O último de Rivas, Jaureguizar ou Teresa Moure

No Cultur.gal realizarase preto dunha trintena de presentacións editoriais, entre as que figuran os últimos libros de escritores destacados do panorama literario galego: *A corpo aberto* de **Manuel Rivas**, *O natural é político* de **Teresa Moure**, *Construcións* de **Eduardo Estévez**, *O globo de Shakespeare* de **Santiago Jaureguizar**, *Memoria de cidades sen luz* de **Inma López Silva**... Estes e outros autores pasarán pola feira para asinar exemplares das súas obras e medio cento deles intervirán no programa 'Falemos de libros' de gravación de entrevistas, que posteriormente se emitirán pola rede e que están abertas a todo o público. Nesta cita, organizada en colaboración coa Asociación de Escritores/as en Lingua Galega (AELG), figuran os nomes de **Antón Reixa, Camilo Franco, Chelo Suárez, Rosa Aneiros, Enma Couceiro, Lino Braxe, Yolanda Castaño, Manuel Lourenzo e María Reimóndez**, entre outros.

Presentación da nova XabaXira

O **Xabarín Club** traerá ao Cultur.gal a preestrea do espectáculo da **nova XabaXira** que viaxará por todas as cidades e vilas galegas ao longo de 2009. Será o domingo día 7 ás 18:00 h. Ademais, teatro, literatura, música, cinema, etc., abordados desde unha perspectiva lúdica, conflúen na proposta de animación para nenos e nenas. Os cativos poderán escoller entre máis dunha ducia de actividades que abrangue dende un

obradoiro de hip hop con Serxio Regos "García" de Dios ke te Crew, ata unha sesión de **experimentación coa dobraxe** ou un obradoiro de técnicas de **animación de plastilina** impartidos polo Clúster Audiovisual Galego, unha mostra-obradoiro de **sonorización de filmes** organizada pola Agapi e Cinemar Films, os monicreques de **Cachirulo**, os espectáculos de **Migallas Teatro**, **Talía Teatro** e **A Locamotora** ou os contos de **Mario Tomás**. Máis de vinte centros de ensino confirmaron xa a visita programada dos seus alumnos ao Cultur.gal.

Ao redor de 100 producións dos dous últimos anos

No Cultur.gal 08 proxectaranse ao redor de **100 títulos** das producións audiovisuais galegas máis actuais, tanto **longametraxes** coma **curtametraxes**, de **ficción**, **animación** e **documental**. Baixo o epígrafe **Panorama Galiza** farase un repaso completo das creacións do 2007 e do 2008 de todos os estilos, temáticas, formatos e modelos de produción posíbeis, distribuídas en varios ciclos. Isto permitiralles aos interesados coñecer o variado e abundante estado da produción galega contemporánea, que experimentou un gran pulo nos últimos anos.

Xornadas profesionais de todos os sectores

O Cultur.gal quere, dunha banda, abrir un espazo de traballo poñendo en contacto directo aos programadores, técnicos e xestores culturais coas empresas que ofrecen produtos e servizos; e, doutra banda, fomentar un debate aberto en todos os sectores para analizar a situación actual das industrias culturais e os camiños a seguir de cara ao futuro. Con esta finalidade organizaranse xornadas, mesas redondas e foros, entre os que sobresaen a **II Xornadas das industrias musicais de Galiza**, a **Xornada profesional sobre o libro e a edición** e a **Xornada vis a vis de novas tecnoloxías**.

ENTIDADES EXPOSITORAS

En Cultur.gal estarán presentes con stand propio **arredor de 75 empresas, asociacións profesionais e institucións** que impulsan a creación cultural en Galiza nos diferentes sectores presentes na feira.

A **lista completa** de entidades expositoras pode consultarse en www.culturgal.com.

Forte presenza do sector do libro

30 entidades do sector: editorias, librarías e asociacións do mundo do libro.

- Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)
- Asociación Galega Editores (AGE)
- Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego
- A Serpe Edicións
- Biblos Clube de Lectores
- Consorcio Editorial Galego
- Edicións do Cumio
- Edicións Embora
- Edicións Espiral Maior
- Edicións Positivas
- Edicións Tambre-Grupo Editorial Luis Vives
- Edicións Xerais de Galicia
- Editorial Everest Galicia
- Editorial Galaxia
- Faktoria K de Libros
- Ir Indo Edicións SL
- Kalandraka Editora
- M. Moleiro Editor
- Novagalicia Edicións
- Rinoceronte Editora
- Rodeira-Grupo Edebé
- Sacauntos (Urco Editora)
- Sotelo Blanco Edicións
- Tórculo Edicións
- Librería Cartabón
- Librería Nós,
- Librería Pedreira
- Livraria Palavra Perduda

Produción e distribución musical e audiovisual

Do ámbito musical dispoñerán de stand propio **14 entidades**:

- Asociación Galega de Empresas Fonográficas (Agaphono)
- Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM)
- Berrogüetto Producións
- Dos Acordes
- Falcatruada Imaxe e Música
- Lonxa Cultural
- Músicas de Salitre
- Nordesía Producións
- Nsaio, Rede Galega de Locais de Ensaio
- Ouvirmos
- Saraiba Producións
- SinsalAudio
- Sons Galiza Comunicación
- Zouma Producións

Por parte da produción e distribución audiovisual figurarán **8 entidades**:

- Asociación de Empresas Galegas de Audiovisual (AEGA)
- Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi)
- Axencia Audiovisual Galega
- Clúster Audiovisual Galego
- Continental Producións
- Dygra Films
- IBCinema (Ignacio Benedetti Cine)
- Míster Misto Film

Novas tecnoloxías, dinamización, comunicación...

Novas tecnoloxías:

- Eganet
- Punto.Gal

Servizos técnicos:

- BackOrder

Creatividade:

- Ceo Aberto
- Rei Zentolo

Artes Escénicas:

- Escena Galega
- Talía Teatro

- Grupo Chévere

Comunicación:

- Medios da Asociación de Medios Escritos en Galego
- Acordar Comunicación en Internet

Dinamización Sociolingüística:

- Tagen Ata
- Reverso Servizos Lingüísticos
- A Mesa pola Normalización Lingüística

PROGRAMACIÓN

Durante os catro días de duración da feira desenvolverase unha intensa programación, orientada tanto ao **público xeral** como ao sector profesional.

O **público adulto** atopará unha atractiva programación con espectáculos de música e teatro; sinaturas de libros e discos; charlas, encontros con creadores e mesas redondas; obradoiros literarios, audiovisuais e musicais; presentacións de discos, libros, etc.; e tamén recitais, proxeccións e exposicións de índole diversa.

Canto ao **público infantil**, Cultur.gal ofrecerá un amplo abano de actividades lúdicas e educativas, con obradoiros de todo tipo, xogos, teatro, música, actividades de animación, contacontos, etc.

Para **profesionais** das industrias culturais galegas haberá presentacións de produtos e servizos en exclusiva, showcases musicais, accións formativas, foros, encontros profesionais específicos, etc. Contarán con xornadas específicas de análise de cada un dos sectores, intercambios de experiencias e actividades de contacto entre ámbitos, sectores e empresas e entre empresas e clientes/as, entre outros eventos.

MUSIC.GAL. A MÚSICA QUE FACEMOS

Sábado 6 de decembro

21.30 h.

Auditorio Gaviota

Entrada libre e gratuita até completar aforo. Ás persoas que previamente recollan convite durante o Cultur.gal garantiráselles localidade.

Espectáculo musical e multidisciplinar conducido por Chévere e presentado por Belén Regueira.

Música:

- Dios ke te Crew (hip hop)
- Marful (fusión, tango e habaneiras)
- O sonoro Maxín (cumbia tropical)
- Projecto Mourente (pop electrónico)
- The Homens (power pop)

Poesía:

- Yolanda Castaño
- Estíbaliz Espinosa

Artes plásticas:

- Pancho Lapeña (Pánchez)
- Federico Martínez

Artes escénicas:

- Chévere

PRESENTACIÓNS EN CULTUR.GAL 08

Xoves 4

- 10.30 h. **Escola Sinsal: a historia da música enlatada**. Sinsalaudio
Julio Gómez. Espazo Presentacións
- 11.30 h. **Entrega do premio Meiga Moira**. Baía / Consorcio Editorial Galego
Espazo Presentacións
- 13.30 h. **Presentación do guión da película *Os mortos van á presa***. Biblos
Ángel de la Cruz (guionista e director) e Tucho Calvo (director literario de Biblos).
Espazo Presentacións
- 16.00 h. **Foro de debate sobre audiovisual e novas tecnoloxías**. Sala 8
- 18.00 h. **Presentación do catálogo de actores e actrices da Asociación de Actores e Actrices de Galicia**. Asociación de Actores e Actrices de Galicia
Antonio Durán "Morris", Camila Bossa, Vicente Montoto e Marta Horjales.
Espazo Presentacións
- 19.00 h. **Presentación do disco *Vellas Artes*, de Vaamonde, Lamas & Romero**. Falcatruada.
Vaamonde, Lamas & Romero. Espazo Presentacións
- 20.00 h. **Presentación de *Memoria de cidades sen luz*, de Inma López Silva**. Premio Blanco Amor 2007. Editorial Galaxia
Carlos Lema (director de edicións de Galaxia), Manuel Rivas e Inma López Silva.
Espazo Presentacións
- 20.00 h. **Concerto da Banda Municipal de Música da Coruña**. Auditorio Gaviota

Venres 5

- 10.30 h. **Presentación de programas e liñas de acción da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural para 2009**
Luís Bará, director xeral de Creación e Difusión Cultural. Auditorio Arao
- 11.30 h. **Presentación do audio-libro *Servizos informativos* de Eloi Caldeiro**
Sons Galiza. *Eloi Caldeiro*. Espazo presentacións
- 12.30 h. **Presentación da Asociación Profesional de Xestores/as Culturais de Galiza**. Auditorio Arao

- 13.30 h. **Mostra de diversos espectáculos de Talía Teatro.** Espazo presentacións
- 16.30 h. **Mesas redondas sobre a produción e a distribución escénica.** Escena Galega. Sala 3
- 17.00 h. **Presentación dos actos do 25 aniversario do xornal A Peneira**
Guillermo Rodríguez, director de A Peneira. Espazo Presentacións
- 18.00 h. **Presentación de Novas minimaladas de Pinto & Chinto.** Edicións Xerais
Pinto & Chinto, Manuel Bragado (director de Xerais). Espazo Presentacións
- 18.00 h. **Xabier P. Docampo e Xosé Cobas asinan exemplares de O libro das viaxes imaxinarias.** Stand de Edicións Xerais
- 19.00 h. **Presentación de O natural é político, de Teresa Moure.** Edicións Xerais
Teresa Moure, Xosé Manuel Beiras, Manuel Bragado. Espazo Presentacións
- 19.00 h. **Xesús Constenla asina exemplares das súas obras.** Stand de Ed. Galaxia
- 20.00 h. **Presentación de A fada das lapas, de Manolo Janeiro, con ilustracións de Zita Delaco.** Editorial Galaxia
Manolo Janeiro, Zita Delaco, Vitor Vaqueiro e Xosé M. Soutullo (director de produción de Ed. Galaxia). Espazo Presentacións

Sábado 6

- 11.30 h. **Presentación do libro-cd infantil Para cantar e bailar.** Edicións do Cumio
Luís Prego, Cándido Meixide. Espazo presentacións
- 12.00 h. **Debate sobre o Plan galego de artes escénicas.** Escena Galega
- 12.30 h. **Presentación de O globo de Shakespeare, de Santiago Jaureguizar.** Edicións Xerais
Santiago Jaureguizar, Óscar Sánchez e Manuel Bragado. Espazo Presentacións
- 13.30 h. **Presentación de Foliada nas Rías Baixas, cd homenaxe a Ricardo Portela.** Edicións do Cumio
Óscar Ibáñez, Cándido Meixide. Espazo Presentacións
- 17.00 h. **Presentación da Enciclopedia Galega Universal (EGU) en internet.** Ir Indo
Bieito Ledo (editor) e Basilio Pedreira (informático). Espazo Presentacións
- 18.00 h. **Gallaecia: Chega a épica á banda deseñada galega.** Urco Editora, Sacauntos SLNE

Miguel Ángel Vigo Baleirón (ilustrador), Iván Rodríguez Arós (ilustrador), Tomás González Ahola (editor) e Pablo Amado Fuentes (editor). Espazo Presentacións

- 18.00 h. **O autor e as autoras premiadas cos premios Xerais 2008 asinan exemplares das súas obras.**

Manuel Lourenzo, Marilar Aleixandre, Mar Guerra. Stand de Edicións Xerais

- 19.00 h. **Presentación dos álbums ilustrados *A serea do mundo* e *Un país branco sen neve*, de Encarna Otero, con ilustracións de Elisa Gallego Picard.** Ed. Galaxia

Elisa Gallego Picard, Encarna Otero e Vitor F. Freixanes (director xeral de Editorial Galaxia). Espazo Presentacións

- 20.00 h. **Presentación de *A corpo aberto*, de Manuel Rivas.** Edicións Xerais

Manuel Rivas e Manuel Bragado. Espazo Presentacións

- 21.00 h. **Presentación de *Os milagres de Cristamar*, de Chelo Suárez, e de *Construcións*, de Eduardo Estévez.** Edicións Positivas

Chelo Suárez, Eduardo Estévez, Francisco Macías. Espazo Presentacións

- 21.30 h. **Music.gal. Espectáculo musical e multidisciplinar.** Auditorio Gaviota

Domingo 7

- 12.30 h. **Presentación dos últimos títulos da colección *Árbore Os Duros*. Festa dos globos.** Editorial Galaxia

Xosé Antonio Neira Cruz (director das coleccións infantís e xuvenís de Galaxia) e autores e ilustradores das obras presentadas. Espazo Presentacións

- 13.30 h. **Presentación do CD-DVD *Isolma*.** Edicións do Cumio

Óscar Cobos, Cándido Meixide. Espazo Presentacións

- 17.00 h. ***Pola poesía, recital musicado*.** Letras Vivas

Anxo Angueira, Leo Arremecághona e... Espazo Presentacións

- 18.00 h. **Chano Eiroa asina exemplares de *Guía dos camiños do Eume*.** Stand de Edicións Xerais

- 18.00 h. **Concertos de varios grupos do proxecto *Nsaio*:** Chotokoeu, Os trasnos do Moscoso e Chámalle Xis. Espazo presentacións

OBRADOIROS E ESPECTÁCULOS PARA PÚBLICO INFANTIL

Xoves 4

- 10.30 h. **Canta connosco**, actividade musical e teatral para centros de ensino
Migallas Teatro. Auditorio Arao
- 11.00 h. Sesións para **Experimentar coa dobraxe cinematográfica**
Clúster Audiovisual Galego
- 12.00 h. **Canta connosco**, actividade musical e teatral para centros de ensino
Migallas Teatro. Auditorio Arao
- 16.00 h. Sesións continuadas até as 20.00 h. e abertas para nenos e nenas para **Experimentar coa dobraxe cinematográfica.**
Clúster Audiovisual Galego
- 17.00 h. **Contos chegados doutro lugar**, actividade para todos os públicos
Mario Tomás. Obradoiro 2
- 18.00 h. **Obradoiro de maquillaxes** para rapaces e rapazas de 12 e 13 anos
Ángela Paz. Obradoiro 1
- 18.00 h. **Obradoiro-demostración do proceso de sonorización en películas de cine** (aberto a participantes de 14 a 25 anos)
Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi). Sala 2.º andar
- 19.00 h. **Obradoiro de hip hop** para rapazas e rapaces de 14 a 16 anos
Serxio Regos "García", de Dios ke te Crew. Obradoiro 2
- 19.00 h. **Do, re, mi, Mozart xoga aquí**, monicreques para todos os públicos
Títeres Cachirulo. Auditorio Arao

Venres 5

- 10.30 h. **Bicos con lingua**, teatro para centros de ensino
Talía Teatro. Obradoiro Gaviota
- 11.00 h. Sesións para **Experimentar coa dobraxe cinematográfica**
Clúster Audiovisual Galego
- 12.00 h. **Bicos con lingua**, teatro para centros de ensino
Talía Teatro. Obradoiro Gaviota
- 16.00 h. Sesións continuadas até as 20.00 h. e abertas para nenos e nenas para

Experimentar coa dobraxe cinematográfica.

Clúster Audiovisual Galego

- 17.00 h. **Carolina e Marieta dan a volta ao planeta**, representación para nenos e nenas. *A Locamotora*. Obradoiro 1
- 18.00 h. **Obradoiro de hip hop** para rapazas e rapaces de 14 a 16 anos *Serxio Regos "García", de Dios ke te Crew*. Obradoiro 2
- 18.00 h. **Obradoiro-demostración do proceso de sonorización en películas de cine** (aberto a participantes de 14 a 25 anos)

Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi). Sala 2.º andar

- 18:30 h. **Merenda de contos**, actividade da Rede Galega de Bibliotecas da Coruña, coa compañía **Trinke-Trinke**. Obradoiro 1

Sábado 6

- 11.00 h. **Obradoiro de Stop Motion** (modelación e animación de personaxes de plastilina) no espazo do Clúster Audiovisual Galego.
- 12.00 h. **Flis-fli-ris-flas**, representación teatral para público familiar
Matapiollos. Auditorio Arao
- 12.30 h. **Xincana poético-musical** para nenos e nenas de 9 a 12 anos
Marta Pumares. Obradoiro 1
- 12.30 h. **Obradoiro de Stop Motion** (modelación e animación de personaxes de plastilina) no espazo do Clúster Audiovisual Galego.
- 12.30 h. **Obradoiro de música** para nenos e nenas de 6 a 8 anos
Francisco José Díaz. Obradoiro 2
- 16.30 h. **Cantacontos**
Migallas Teatro. Obradoiro 2
- 17.00 h. **Obradoiro de Stop Motion** (modelación e animación de personaxes de plastilina) no espazo do Clúster Audiovisual Galego.
- 18.00 h. **Flis-fli-ris-flas**, representación teatral para público familiar
Matapiollos. Auditorio Arao
- 18.00 h. **Obradoiro de hip hop** para rapazas e rapaces de 13 a 16 anos
Serxio Regos "García", de Dios ke te Crew. Obradoiro 2
- 18.30 h. **Obradoiro de Stop Motion** (modelación e animación de personaxes de

plastilina) no espazo do Clúster Audiovisual Galego.

Domingo 7

- 11.00 h. **Obradoiro de Stop Motion** (modelación e animación de personaxes de plastilina) no espazo do Clúster Audiovisual Galego.
- 12.00 h. **Mobi Dick**, teatro para público familiar
Os Quinquilláns. Auditorio Arao
- 12.30 h. **Obradoiro de maquillaxes** para todo o público
Ángela Paz. Obradoiro 1
- 12.30 h. **Obradoiro de música** para nenas e nenos de 6 a 8 anos
Francisco José Díaz. Obradoiro 2
- 12.30 h. **Obradoiro de Stop Motion** (modelación e animación de personaxes de plastilina) no espazo do Clúster Audiovisual Galego.
- 17.00 h. **Obradoiro de Stop Motion** (modelación e animación de personaxes de plastilina) no espazo do Clúster Audiovisual Galego.
- 18.00 h. **Obradoiro de hip hop** para rapazas e rapaces de 13 a 16 anos
Serxio Regos "García", de Dios ke te Crew. Obradoiro 2
- 18.00 h. **XabaXira do Xabarín Club**
Auditorio Gaviota
- 18.30 h. **Obradoiro de Stop Motion** (modelación e animación de personaxes de plastilina) no espazo do Clúster Audiovisual Galego.

PANORAMA GALIZA 08

Xoves 4

- 10.30 h. **Os andolios sobre a chaira: Afiadores** (2007, Xosé Henrique Rivadulla Corcón). Ciclo: Etnovisións
- 11.30 h. **Quen son?** (2008, Eloy Lozano Coello). Ciclo: Fábulas longas do real
- 13.00 h. **Da regueifa ao rap** (2006, Helena Villares Gallardo, Pilar Pérez Faxil). Ciclo: Olladas de realidade
- 14.00 h. **O Casón** (2008, Xabier R. Blanco, Antonio Segade Bugallo) Ciclo: Memoria histórica
- 15.00 h. **O premio da rubia** (2008, Marcos Nine Búa). Ciclo: Olladas de realidade
- 16.00 h. O tesouro (2007, Manuel Martín Cuenca). Telefilme
- 17.50 h. **Fábulas curtas do real**
 - Bata por fóra (muller por dentro)** (2007, Claudia Brenlla López)
 - Pó de estrelas** (2007, Alberte Pagán)
 - Conversas con Deus** (2007, Lara Bacelo González)
 - A república dos sonhos** (2007, Isabel Martínez Martínez)
 - Os señores do vento** (2008, Xurxo González Rodríguez)
 - Galicia 2098** (Edu Lavandeira)
- 19.00 h. **A arañeira, Galicia en guerra** (2007, Eduardo Rolland Etchevers). Ciclo: Memoria histórica
- 19.45 h. **Eloxio da distancia** (2007, Felipe Vega). Ciclo: Fábulas Longas do real

Venres 5

- 10.00 h. **O rei galego de África** (2008, Delmi Alvarez). Ciclo: Olladas da realidade
- 11.00 h. **Cinema non reconciliado**
 - Atma** (2007, Guillermo Maceiras Gómez)
 - Contrafilmes** (2007, Susana Rei Crespo)
 - Pasa-lo tempo** (2007, Miguel Abad López)
 - Movemento voceal** (2007, Xohán Brión Ageitos)
 - París #1** (2007, Oliver Laxe Coro)
 - Os fabulosos irmáns Luz** (2007, Olaia Sendón Ogando)

O cazador (2007, Ángel Santos Touza)

- 13.00 h. **Etnovisións**

O tempo da recolleita (2007, Felix Blume)

Cal viva, cal morta, a derradeira festa (2007, Mariano Casas Gil, Duarte Fernández Vidal)

- 14.00 h. **Manolo Barros, un rebelde de aceiro** (2007, Cuchi Carreira). Ciclo: Memoria histórica

- 15.00 h. **O salario do silencio** (2007, Henrique Banet López de Rego, Mabel Rivera Torres). Ciclo: Olladas da realidade

- 16.00 **O espello** (2007, Alex Sampayo Parra). Telefilme

- 17.30 h. **Alén da realidade**

12007 (2007, Diego Torres Freijeiro)

Automóbil (2007, Andrés Victorero Rey)

Santiago de sangue (2007, Francisco Calvelo Moreira)

O cerco (2007, Martiño Vázquez Baño)

O inquilino (2007, David González Sánchez)

O hospital (2007, Iván Seoane Romero)

Auga (2006, Xosé Antón Perozo Porteiro 'Ozo')

Da man da raíña vermella (2007, Omar Rabuñal Varela, Miguel Corujo)

Sen escrúpulos (2007, Carlos Seijo Canosa)

- 18.30 h. **Area nos ollos. A loita por baldaio 30 anos despois** (2007, Iván Seoane Romero). Ciclo: Memoria histórica

- 19.00 h. **Flores tristes** (Manuel Abad Abad). Ciclo: Fábulas longas do real

Sábado 6

- 11.00 h. **Astano: a forxa dun soño** (2008, Miguel Conde Otero). Ciclo: Memoria histórica

- 12.00 h. **Variacións ficcionais**

Mínimo común múltiplo (soños de luz) (2007, Rubén Coca Lasén)

The bike (A bicicleta) (2007, Juan Junquera Santiso, Benjamin Carter)

Warming 2099 (2008, Andrés Victorero Rey)

Cores (2007, Jairo Iglesias Martínez)

Ilusión (2007, Alexia Muiños Ruíz)

Lágrimas de sangue (2007, Eva Carro Conde)

Xan, a despedida (2007, José Luis Martínez Díaz)

Palíndromo (2007, Eva Quintas Froufe)

Sulfato (2008, Abelardo Rendo Rial)

Nada (2007, Diego Pazó)

- 13.30 h. *Unha historia galega, retratos da represión na Galicia de 1936* (2007, Patrick Seraudy). Ciclo: Memoria histórica
- 14.30 h. *Un deserto de flores* (2007, Manuel Iglesias Nanín). Ciclo: Olladas da realidade
- 15.30 h. *Negra sombra* (2007, Eloy Lozano Coello). Ciclo: Olladas da realidade
- 16.30 h. *Manciña morta, ábreme esta porta* (2007, Ramón Costafreda García). Telefilme
- 18.00 h. **Galiza animada 2007**
 - A revolta dos mouses* (2007, David Alejandro Gen)
 - Homeless, sen teito* (Diego Méndez Lamas)
 - Mar-xen* (2007, José Luis González Barceló)
 - O raio transparente* (Francisco Lapeña Otero)
 - Leo* (2007, Fernando Cortizo Rodríguez)
 - Don señor e o home do soño* (2007, Nacho Abia Carrera)
 - 1977* (2007, Peque Varela)
 - Man* (2006, Juan Carlos Abralde, Luis Fernández Santiago, Luis Faraón)
 - O pintor de ceos* (2007, Jorge Morais Valle)
 - A flor máis grande do mundo* (2006, Juan Pablo Etcheberry)
 - O bufón e a infanta* (2006, Juan Galiñanes García)
- 20.00 h. *Manuel e Elisa (O Trinta)* (2007, Manuel Fernández Valdés). Ciclo: Fábulas longas do real
- 21.30 h. *O almorzo do poeta* (2008, Mario Iglesias González). Ciclo: Fábulas longas do real
- 23.00 h. *Maldito bastardo* (2007, Javi Camino). Longametraxe dixital

Domingo 7

- 11.00 h. **Ópticas cruzadas**
 - A soluçom é o socialismo* (2008, Alberte Pagán, Eduardo Moltó)
 - Cienfuegos 1913* (2008, Margarita Ledo Andi3n, Belkis Vega)
 - Catro cartas* (2008, Cora Peña Hernández, Ernesto Daranas)
- 12.00 h. **Do amor e outras soidades**
 - Trazos* (2007, Sim3n Casal de Miguel)
 - Bilingüe* (2007, Cecilia Perolio Hurtado)
 - Canción sen emoción* (2008, David Pardo García)
 - Luz* (2007, Antonio Paz Pérez)
 - Quietos* (2007, Beatriz Vázquez Campaña)
 - Etcétera* (2007, Placido Baranda Valeiras)
 - Perversa Lola* (2007, Sonia Méndez Alonso)
 - Mind the gap* (2008, Daniel Domínguez García)
- 14.00 h. **Xares, o río que nos leva** (2007, Pedro Prada Blanco). Ciclo: Memoria histórica
- 15.00 h. **Fronteiras** (2007, Rubén Pardiñas). Ciclo: Olladas de realidade
- 16.00 h. **A mariñeira** (2007, Ant3n Dobao). Telefilme
- 17.30 h. **Prodixiosos** (2008, Manuel Darriba Blanco). Ciclo: Olladas de realidade
- 18.30 h. **O resplandor das atochas** (2007, Jorge Ismael Gil Morabes). Ciclo: Memoria histórica
- 19.30 h. **Linguas cruzadas** (2007, María Yáñez Anllo, Mónica Ares). Ciclo: Olladas de realidade

FORO LETRAS VIVAS

Un encontro que pretende achegar os programadores/as ás actividades de fomento da lectura integradas no programa Letras Vivas da Consellaría de Cultura.

A Consellaría de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, ofrece o programa Letras Vivas para crear unha programación estábel de animación á lectura en bibliotecas, centros educativos, centros culturais e asociacións. Estas propostas queren fomentar o achegamento aos libros desde unha perspectiva lúdica, mediante actividades de animación e de carácter formativo desenvolvidas por profesionais ou por grupos con acreditada experiencia na realización de espectáculos e actividades de fomento da lectura.

O Foro Letras Vivas busca promover que os programadores e as programadoras de accións de fomento da lectura (bibliotecarios/as, responsábeis de centros de ensino, responsábeis de asociacións, xestores/as culturais, etc.) teñan un maior coñecemento das propostas existentes e que teñan un contacto directo cos e coas profesionais que as desenvolven.

Sábado 6 de decembro, de 10:30 a 13:30 h. Sala 3

- 10.30 h: Recepción
- 11.00 h: **Apertura do foro** por parte do director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, e explicación-presentación do programa Letras Vivas
- 11.30 h - 13.30 h: **Presentación de propostas e contacto entre programadores/as e entidades**
 - Altega. Xestión do lecer
 - Bugalú. Contacontos, espectáculos musicais
 - Reverso. Comunicación, cultura e lingua
 - Argallando. Educación e lecer
 - Duende Sico. Teatro, monicreques, obradoiros
 - A Locamotora. Teatro
 - María Inés Cuadrado. Comunicación, expresión oral
 - Seisdedos / Viravolta. Monicrecres, animación, obradoiros
 - Migallas Teatro. Teatro, discos, obradoiros

XORNADA PROFESIONAL SOBRE O LIBRO E A EDICIÓN

Este encontro reúne a profesionais do libro e da edición para debater sobre o estado actual da industria do libro e sobre o camiño a seguir de cara ao futuro. Está organizado pola Asociación Galega de Editores (AGE).

Sábado 6 de decembro, de 10:00 a 20:00 h. Sala 8

- 11.00 h. **Presente e futuro do libro galego**. Encontro de profesionais da industria do libro (a edición, a libraría e a distribución). Interven:
 - Alfonso García Sanmartín, presidente da Asociación Galega de Editores (AGE)
 - Xurxo Patiño, presidente da Federación de Libreiros
 - Xoán Manuel Pazos, distribuidores galegos (Consortio Editorial)
- 12.15 h. **Debate aberto**
- 13.00 h. **Presentación da nova páxina web da Asociación Galega de Editores (AGE)**, en conferencia de prensa. Interven:
 - Alfonso García Sanmartín, presidente da AGE
 - Responsábel de Imaxín Software
- 16.30 h. **Presente e futuro da edición**. Encontro de editores/as. Debate aberto e participativo sobre:
 - O futuro da edición galega: perspectiva e prioridades de actuación para a AGE
 - Presente e futuro do libro galego
 - Cuestións estratéxicas para a industria editorial hoxe

Presenta e anima: Alfonso García Sanmartín

XORNADA DE SERVIZOS E PRODUTOS PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Este encontro, organizado pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), porá en contacto aos traballadores/as de normalización lingüística coas empresas que desenvolven servizos e produtos neste eido, para poñer en común necesidades e ofertas.

Nesta xornada, unha serie de entidades presentaralles directamente os seus servizos, propostas, accións, produtos e actividades aos/ás traballadores/as de normalización lingüística e aos/ás coordinadores/as dos equipos de normalización e dinamización lingüística dos centros de ensino. Cada entidade fará unha breve presentación duns 10 minutos daquelas propostas máis axeitadas e entregarlles aos/ás técnicos/as e coordinadores/as participantes un dossier con información sobre as súas propostas.

Venres 5 de decembro, de 17.00 h a 20.00 h. Sala 8

- 17.00 h. Recepción e presentación da xornada
- 17.15 h. **Presentación de servizos e produtos** para a dinamización lingüística
 - Producións Teatrais Talía
 - Kalandraka
 - Asociación de Medios Escritos en Galego (AME)
 - Eme2 emoción&arte
 - Tagen Ata Lingua e Comunicación
 - A Mesa pola Normalización Lingüística
 - Reverso Servizos Lingüísticos
- 19.00 h. **Contacto directo vis a vis empresa-cliente**

II XORNADAS DAS INDUSTRIAS MUSICAIS DE GALIZA

Colaboran na súa organización a Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), a Asociación Galega de Produtoras Fonográficas (Agaphono) e a Axencia Galegas das Industrias Culturais (Agadic).

Xoves 4

- 10.00 h.: Recepción e presentación. **Exposición: Agadic, presentación e liñas estratéxicas para 2009**
- 11.15 h. **O sector independente e os dereitos musicais na era de Internet**
Mark Kitcatt (xerente de Everlasting Records and Popstock Distribuciones (Spain), presidente de Unión Fonográfica Independente, membro de Impala e de Merlin)
- 12.30 h. **Empresas discográficas no s. XXI, guía de supervivencia ou adaptación**
Mark Kitcatt, Jemima Cano (Diqueta – Ojos de Brujo, exemplo de autoxestión integral por parte dun grupo da súa actividade profesional) e Marcos Collantes e Keina García (Mushroom Pillow, exemplo de modelo negocio 360º, discográfica+ editorial+management)
- 14.00 h. – 16.00 h.: Meeting point

Venres 5

- 10.00 h. **Os proxectos de colaboración entre asociacións de empresas musicais**
Vitor Santana de Miranda (Contato, CRJ, Minas Gerais, Brasil), Makely Oliveira de Sousa Gomes (Consum, Minas Gerais, Brasil) e Rui Mota (Musica PT, Portugal)
- 11.00 h. **Fundación para o fomento da calidade industrial e desenvolvemento económico de Galicia.** O proxecto para a implantación de procesos de calidade nas empresas asociadas a AGEM: os primeiros resultados.
Patricia López Quintiá (Fundación para o fomento da calidade industrial e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia) e Víctor Gómez (Adviser Consultores)
- 12.00 h. **A vertebración do sector musical, os novos retos**
Andy Ramos Gil de la Haza ((Bardají – Honrado Abogados) e Plataforma Independiente de la Música)
- 13.00 h. **Presentación de Nsaio** aos profesionais galegos da industria musical.

Clausura por parte da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

- 14.00 h. – 16.00 h.: Meeting point

Sábado 6

- 12.00 h. **Meeting point de industrias musicais e grupos do proxecto Nsaio**. Stand de Nsaio

SHOWCASES MUSICAIS

Breves concertos en exclusiva para os/as profesionais, realizados co obxectivo de aproximar os programadores/as ás propostas musicais en directo máis actuais. Todos os estilos, todos os formatos, nunha variada escolla para que os/as responsábeis das programacións galegas teñan a posibilidade, de primeira man, de coñecer as novas propostas de espectáculos musicais en directo de cara á vindeira tempada.

Colaboran na súa organización a Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), a Asociación Galega de Produtoras Fonográficas (Agaphono) e a Axencia Galegas das Industrias Culturais (Agadic).

Xoves 4

- 17.30 h. **Escoitar**
- 18.15 h. **FainoTi**
- 19.00 h. **Pai da Cana**
- 19.45 h. **Lizgairo**
- 20.30 h. **Vaamonde, Lamas & Romero**

Venres 5

- 16.30 h. **Vi-Gop Quartet**
- 17.15 h. **Telémaco**
- 18.00 h. **Duplo Son**
- 18.45 h. **Aphonic**
- 19.30 h. **Capitán Furilo**
- 20.15 h. **Maryland**

Sábado 6

- 18.00 h. **Roberto Sobrado**
- 18.45 h. **Marcos Teira**
- 19.30 h. **Covalblú**
- 20.15 h. **Bonovo**

XORNADA VIS A VIS DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Encontro centrado na necesidade da renovación e do avance tecnolóxico. Está organizada por EGANET (Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías) e pretende potenciar o coñecemento como punto de partida para o desenvolvemento.

Vai dirixido aos **sectores empresarial e do ensino** e Os seus obxectivos específicos son:

- Que as empresas coñezan as melloras que lle pode reportar o uso das novas tecnoloxías
- Que os profesionais do ensino coñezan as necesidades tecnolóxicas do seu ámbito
- Eliminar preconceitos erróneos sobre as novas tecnoloxías
- Abrir posibilidades de cooperación.

Venres 5

- 10.00 h. Entrega de material
- 10.15 h. Presentación
- 10.30 h. Vis a vis. Presentacións das diferentes **empresas Tic** participantes para cotexar coas necesidades do sector das industrias culturais
- 14.00 h. Peche da xornada

PROGRAMACIÓN CULTUR.GAL 08

Presentacións públicas Programación infantil Panorama Galiza: programación audiovisual Xornadas profesionais Outras actividades

Xoves 4 de decembro

	Auditorio Gaviota	Espazo Presentacións	Auditorio Arao	Espazo da AAG	Obradoiro 1	Obradoiro 2	Sala 3	Sala 8	Stands dos expositores	Loft Dársena	Outros espazos									
10.30		Escola Sinsal: a historia da música enlatada	Canta connosco, Migallas Teatro	Os andolios sobre a chaira: afiadores			II Xornadas das industrias musicais de Galiza		Sesiões para experimentar coa dobraxe cinematográfica (Clúster Audio-visual Galego)											
11.00																				
11.30		Entrega do III Premio Meiga Moira	Canta connosco, Migallas Teatro	Quen son?					Da regueifa ao rap			O Casón	O premio da rubia	O tesouro	Fábulas curtas do real	Presentación do catálogo de actores e actrices da AAAG	Presentación do disco Vellas Artes, de Vaamonde, Lamas & Romero	Do, re, mi, Mozart xoga aquí, Títeres Cachirulo	A arañeira, Galicia en guerra	Eloxio da distancia
12.00																				
12.30		Presentación do guión de Os mortos van á presa																		
13.00																				
13.30																				
14.00																				
14.30																				
15.00																				
15.30																				
16.00																				
16.30																				
17.00																				
17.30																				
18.00																				
18.30	Concerto da Banda Municipal de Música da Coruña	Presentación de Memoria de cidades sen luz, de Inma López Silva			Obradoiro de maquillaxes	Contos chegados doutro lugar		Foro de debate sobre audiovisual e novas tecnoloxías	Sesiões para experimentar coa dobraxe cinematográfica (Clúster Audio-visual Galego)	Showcases musicais para programadores: - Escotar - FainoTi - Pai da Cana - Lizgairo - Vaamonde, Lamas & Romero	Obradoiro de sonorización de películas (para público de 14 a 25 anos) (Sala do 2º andar)									
19.00																				
19.30																				
20.00																				
20.30																				
21.00																				

Venres 5 de decembro

	Auditorio Gaviota	Espazo Presentacións	Auditorio Arao	Espazo da AAG	Obradoiro 1	Obradoiro 2	Sala 3	Sala 8	Standos dos expositores	Loft Dársena	Outros espazos
10.00				<i>O rei galego de África</i>				Xornada <i>Coñocer para innovar e mellorar. Vis a vis de novas tecnoloxías</i>			
10.30	<i>Bicos con lingua</i> , Talía Teatro		Presentación das liñas da D. X. de Creación e Difusión Cultural para 2009	<i>Cinema non reconciliado</i>			II Xornadas das industrias musicais de Galiza		Sesiões para experimentar coa dobraxe cinematográfica (Clúster Audio-visual Galego)		
11.00											
11.30		Presentación do audio-libro <i>Servizos informativos</i> , de Eloi Caldeiro									
12.00	<i>Bicos con lingua</i> , Talía Teatro			Presentación Asociación Profesional de Xestores/as Culturais de Galiza	Etnovisións						
12.30											
13.00											
13.30		Presentación de espectáculos de Talía Teatro		<i>Manolo Barros, un rebelde de aceiro</i>							
14.00											
14.30				<i>O salario do silencio</i>							
15.00											
15.30				<i>O espello</i>							
16.00											
16.30											
17.00		Presentación 25 aniversario do xornal <i>A Peneira</i>		Alén da realidade	<i>Carolina e Marieta dan a volta ao planeta</i>		Mesas redondas sobre a produción e a distribución escénica	Xornada de servizos e produtos para a dinamización lingüística	Sesiões para experimentar coa dobraxe cinematográfica (Clúster Audio-visual Galego, ata as 20:00 h.)	Showcases musicais para programadores: - Vi-Gop Quartet - Telémaco - Duplo Son - Aphonnnic - Capitán Furilo - Maryland	
17.30											
18.00		Presentación de <i>Novas minimaladas</i> , de Pinto & Chinto		<i>Area nos ollos. A loita por Baldaio 30 anos despois</i>	<i>Merenda de contos, Trinke-Trinke</i>		Obradoiro de hip hop		Xavier P. Do-campo e Xosé Cobas asinan <i>O libro das viaxes imaxinarias</i> (Xerais)		Obradoiro de sonorización de películas (para público de 14 a 25 anos) (Sala do 2º andar)
18.30											
19.00		Presentación <i>O natural é político</i> , Teresa Moure		<i>Flores tristes</i>					X. Constenla asina exemplares das súas obras (Galaxia)		
19.30											
20.00		Presentación de <i>A fada das lapas</i> , M. Janeiro e Z. Delaco									
20.30											

ORGANIZACIÓN

O Cultur.gal está promovido pola **Consellería de Cultura e Deporte** da Xunta de Galicia e conta coa colaboración de diversas entidades. Para a organización constituíuse un Comité Organizador e un Consello Asesor.

O **Comité Organizador** desenvolve as funcións de dirección e coordinación xeral da feira, representación pública, contacto cos medios, xestión da feira, das contratacións, da montaxe, da programación, da imaxe e comunicación, etc., coordinación e contacto cos distintos sectores, empresas e entidades participantes, etc.

O **Consello Asesor**, composto por diversas entidades, cumpre funcións asesoras, de definición xeral dos obxectivos, da programación e das estratexias de comunicación, de implicación dos distintos sectores participantes, etc. Ademais das entidades que forman parte do Consello Asesor do Cultur.gal, tamén haberá outros apoios e colaboracións de entidades públicas, asociacións sectoriais, etc.

O Consello Asesor está formado por:

- Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM)
- Asociación Galega de Produtoras Fonográficas (Agaphono)
- Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi)
- Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual (AEGA)
- Asociación de Profesionais da Xestión Cultural de Galiza
- Asociación Galega de Editores (AGE)
- Concellaría de Cultura do Concello da Coruña
- Asociación Galega de Empresas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet)
- Clúster Audiovisual Galego
- Escena Galega

As seguintes entidades participan no Cultur.gal como **colaboradores**:

- A Mesa pola Normalización Lingüística
- Asociación de Escritores/as en Lingua Galega (AELG)
- Asociación de Medios Escritos en Galego (AME)
- Axencia Audiovisual Galega
- Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Consellería de Innovación e Industria
- Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)
- Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia
- Galiciantunes
- Nsaio. Rede Galega de Locais de Ensaio
- Radio Galega
- Televisión de Galicia



FEIRA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI

Do 4 ao 7 de decembro

Palexco (A Coruña)

www.culturgal.com

CONTACTO

- Dirección

Nel Vidal Barral: direccion@culturgal.com

- Xerencia

Roberto Pérez Pardo: xerencia@culturgal.com

- Responsábel de comunicación

Esmeralda López Castro: comunicación@culturgal.com

Teléfono de contacto: 627 968 869

www.culturgal.com